

1 CSS para listas

As propiedades para listas que imos ver: *list-style-type*, *list-style-image*, *list-style-position*, *list-style*, ...

1.1 Sumario

- 1 Elixir un boliche
 - ◆ 1.1 Empregando a propiedade *list-style-type*
 - ◆ 1.2 Empregando a propiedade *background* nos elementos *li*
 - ◆ 1.3 Posición do marcador dun elemento da lista
- 2 Poñer "en liña" unha lista
- 3 Crear unha barra de navegación vertical
- 4 Crear unha barra de navegación horizontal
- 5 Listas horizontais con bordes redondeados
 - ◆ 5.1 Diferenciar a páxina na que estamos
- 6 Enlaces Interesantes

1.2 Elixir un boliche

1.2.1 Empregando a propiedade *list-style-type*

- Con esta propiedade *list-style-type* seleccionamos o tipo de marcador que aparecerá con cada elemento da lista, esta propiedade pode ter distintos valores: *square*, *disc*, *circle*, *lower-roman*, *lower-alpha*, *upper-alpha*, etc.
- Tamén se pode especificar unha imaxe como boliche, para iso empregaremos a propiedade *list-style-image*.

```
ul {list-style-image: url(boliche.gif);  
    list-style-type: disc;  
    list-style-position: outside; }
```

1.2.2 Empregando a propiedade *background* nos elementos *li*

- Primeiramente eliminamos o boliche predeterminado simplemente establecendo a propiedade *list-style-type* a *none*.
- Logo, para colocar o boliche, engadimos recheo á esquerda de cada un dos elementos da lista e, a continuación, aplicamos unha imaxe de fondo no elemento de lista. Se cada elemento da lista ocupa unha soa liña, centrase verticalmente o boliche establecendo a posición vertical ao 50%.
- O código sería o seguinte:

```
ul {margin: 0; padding: 0; list-style-type: none; }  
li {background: url(boliche.gif) no-repeat 0 50%;  
    padding-left: 20px; }
```

1.2.3 Posición do marcador dun elemento da lista

- Coa propiedade *list-style-position* colocaremos o boliche dentro da área de contido ou deixáremolo, como sempre, presentado como un sangrado.
- Exemplos:

```
li.cores {list-style-position: outside; }  
li.frutas {list-style-position: inside; }
```

1.3 Poñer "en liña" unha lista

- Para poñer "en liña horizontal" unha lista pódese empregar o seguinte código:

```
ul { list-style-type: none;  
    padding: 0;  
    border: 1px solid #000;  
}  
li { display: inline;  
    border: 1px solid #00f;  
}
```

- Para eliminar os bordes simplemente hai que poñer a propiedade *border* a 0.

1.4 Crear unha barra de navegación vertical

Combinando o exemplo anterior coas técnicas de estilo de "áncoras", pódense crear barras de navegación gráficas verticais completas con *rollovers* CSS.

- Crearemos primeiramente unha lista como a seguinte nun documento .html:

```
<ul>
  <li><a href="http://es.wikipedia.org/wiki/C%C3%B3digo_HTML">HTML</a></li>
  <li><a href="http://es.wikipedia.org/wiki/CSS">CSS</a></li>
  <li><a href="http://es.wikipedia.org/wiki/JavaScript">JavaScript</a></li>
  <li><a href="http://es.wikipedia.org/wiki/.php">PHP</a></li>
  <li><a href="http://es.wikipedia.org/wiki/jQuery">jQuery</a></li>
  <li><a href="http://es.wikipedia.org/wiki/AJAX">AJAX</a></li>
</ul>
```

- O primeiro que se debe facer é eliminar os boliches predeterminados e igualar a cero a marxe e o recheo:

```
ul { margin: 0; padding: 0;
      list-style-type: none;
}
```

- Agora, en lugar de aplicar estilo aos elementos de lista, aplicaremos estilo ás "áncoras". Para crear unha área activa a modo de botón, precísase establecer a propiedade **display** das áncoras en **block**, e logo especificar as dimensións da áncora. Logo, por último, pódese establecer a cor do texto do vínculo e desactivar os subliñados.

```
ul a { display: block;
width: 150px; height: 40px;
line-height: 40px; color: black;
text-decoration: none;
}
```


- Agora, poñémoslle un fondo a cada un dos elementos ademais de separalos con unha liña. Tamén separaremos o texto do borde esquerdo empregando a propiedade *text-indent*.
- E, por último, faremos que ao pasar o rato por riba cambie de cor o fondo e o tipo de letra.
- O estilo, xa completo, quedará así:

```
ul { margin: 0; padding: 0;
      list-style-type: none;
}

ul a { display: block;
width: 200px; height: 40px;
line-height: 40px; color: black;
text-decoration: none;
font-weight: bold;
background-color: orange;
border: #FFFFFF solid thin;
text-indent: 30px;
}

ul a:hover { color: white;
            background-color: blue; }
```

- O resultado sería o seguinte:



1.5 Crear unha barra de navegación horizontal

- Tamén se empregan listas para crear barras de navegación horizontais.
- Para facer este exemplo empregaremos a seguinte lista .html:

```
<ul>
  <li><a href="http://es.wikipedia.org/wiki/C%C3%B3digo_HTML">HTML</a></li>
  <li><a href="http://es.wikipedia.org/wiki/CSS">CSS</a></li>
  <li><a href="http://es.wikipedia.org/wiki/JavaScript">JavaScript</a></li>
  <li><a href="http://es.wikipedia.org/wiki/.php">PHP</a></li>
  <li><a href="http://es.wikipedia.org/wiki/JQuery">JQuery</a></li>
  <li><a href="http://es.wikipedia.org/wiki/AJAX">AJAX</a></li>
</ul>
```

- Logo poñeranse a cero a marxe e o recheo, e eliminaranse os boliches.
- Farase, ademais, que a barra de navegación teña 720px de ancho e unha cor laranxa de fondo.

```
ul { margin: 0; padding: 0; list-style: none;
      width: 720px; background-color: orange; }
```

- Para que a lista se mostre en horizontal pódense empregar dous métodos: facer que os elementos da lista se mostren en liña ou facer que floten á esquerda. É recomendable empregar o segundo método:

```
ul li { float: left; }
```

- Recordando que, cando un elemento flota, deixa de ocupar espazo no fluxo do documento. Como tal, a lista pai non ten contido e desaparece o fondo da lista. Para arranxar isto, flotamos o elemento pai empregando a propiedade **float:left**.

```
ul { margin: 0; padding: 0; list-style: none;
      float: left;
      width: 720px; background-color: orange; }
```

- Como no exemplo da barra de navegación vertical, faise que os vínculos da barra de navegación se comporten como botóns establecendo a súa propiedade *display* en *block*. Tamén aplicamos un recheo de .2em á esquerda e outro á dereita de cada vínculo. Tamén centraremos verticalmente o texto dos vínculos utilizando a altura de liña. Por último, desactivamos os subliñados dos vínculos e cambiamos a súa cor a branco ademais de poñelos en "negriña".

```
ul a { display: block;
      padding: 0 2em;
      line-height: 2.1em;
      text-decoration: none;
      color: white;
      font-weight: bold; }
```

- Agora queremos engadirlle divisións entre cada vínculo na barra de navegación. Para conseguilo configuramos a propiedade *border-left* de cada unha das áncoras. Tamén o poderíamos facer introducindo unha imaxe de fondo á esquerda de cada áncora.

```
ul a { border-left: #CCC solid thin; }
```

- Se só facemos isto, aparecerá unha división á esquerda de todo, polo que avería que eliminala, para iso

introducimos a clase "primeiroli" ao primeiro elemento da lista e configurámoslle *border-left:none*.

```
ul .primeiroli a {border-left: none; }
```

- Por último, o estado de *rollover* neste exemplo é simplemente un cambio no color do vínculo:

```
ul a:hover { color: #333; }
```

O resultado será o seguinte:



1.6 Listas horizontais con bordes redondeados

Neste punto verase como conseguir algo como isto:



Para facer unha lista horizontal con bordes redondeados comezamos precisando 3 gifs:

- Un gif que será a parte esquerda de cada un dos elementos:



- Un gif que será a parte dereita de cada un dos elementos:



- E un gif para a zona interior, que será unha pequena liña que se repetirá horizontalmente cubrindo toda a casiña:



Para facer este exemplo empregaremos a seguinte lista .html:

```
<ul>
  <li><a href="http://es.wikipedia.org/wiki/C%C3%B3digo_HTML">HTML</a></li>
  <li><a href="http://es.wikipedia.org/wiki/CSS">CSS</a></li>
  <li><a href="http://es.wikipedia.org/wiki/JavaScript">JavaScript</a></li>
  <li><a href="http://es.wikipedia.org/wiki/.php">PHP</a></li>
  <li><a href="http://es.wikipedia.org/wiki/JQuery">JQuery</a></li>
  <li><a href="http://es.wikipedia.org/wiki/AJAX">AJAX</a></li>
</ul>
```

O primeiro a facer é crear pasar a lista a formato horizontal tal e como se veu no [apartado anterior](#).

Logo, hai que modificar o arquivo css para que se apliquen os bordes e o fondo elixido, farémolo do seguinte xeito:

- Ao elemento *ul* lle aplicamos de fondo o arquivo medio.gif e facemos que se repita horizontalmente.
- Nos elementos *li* colocamos o fondo derecha.gif, o pegamos á dereita e facemos que só o aplique unha vez.
- Nos elementos *a* colocamos o fondo esquerda.gif, o pegamos á esquerda e facemos que só o aplique unha vez.

O estilo completo para esta lista quedaría do seguinte xeito:

```
ul { margin: 0; padding: 0; list-style: none;
float: left; width: auto;
background-image: url(medio.gif);
background-position: center center;
background-repeat: repeat-x;
}
ul li { float: left;
margin: 0; padding: 0;
background-image: url(dereita.gif);
background-repeat: no-repeat;
background-position: center right;
}
ul li a:link, ul li a:visited { display: block;
padding: 0 2em;
line-height: 2.1em;
text-decoration: none;
color: black;
font-weight: bold;
background-image: url(esquerda.gif);
background-repeat: no-repeat;
background-position: center left;
}
ul li a:hover, ul li a:active { color: white;
}
```

1.6.1 Diferenciar a páxina na que estamos

Unha lista como a feita neste punto servirá para navegar polo noso sitio web, se queremos que se distinga a páxina na que estamos podemos facelo do seguinte xeito:

- Primeiro debemos cambiar algo na páxina na que estemos navegando, para iso configuramos o "li" correspondente coa clase "seleccionada". Se estamos na de "Javascript", por exemplo, teríamos o seguinte código:

```
<ul>
<li><a href="http://es.wikipedia.org/wiki/C%C3%B3digo_HTML">HTML</a></li>
<li><a href="http://es.wikipedia.org/wiki/CSS">CSS</a></li>
<li class="seleccionada">
  <a href="http://es.wikipedia.org/wiki/JavaScript">JavaScript</a>
</li>
<li><a href="http://es.wikipedia.org/wiki/.php">PHP</a></li>
<li><a href="http://es.wikipedia.org/wiki/JQuery">jQuery</a></li>
<li><a href="http://es.wikipedia.org/wiki/AJAX">AJAX</a></li>
</ul>
```

- Logo debemos engadir ao arquivo de estilos as seguintes liñas, que indican que os "li" da clase "seleccionada" teñan un estilo distinto:

```
ul li.seleccionada a:link, ul li.seleccionada a:visited { color:orange; }
ul li.seleccionada a:hover, ul li.seleccionada a:active { color:white; }
```

O resto déixao igual, e o resultado será o seguinte:



1.7 Enlaces Interesantes

- [A List Apart](#)
- [MaxDesign](#)
- [EBmenus: exemplos de menús verticais](#)